

## Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do xoves 29 de febreiro de 2024

Logo de ver o disposto nos artigos 46 e 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

TENDO EN CONTA que, segundo o acordo plenario de data do 18.07.2019, relativo ao réxime de determinación da periodicidade das sesións plenarias, o Pleno celebrará sesións ordinarias con carácter mensual o último xoves de cada mes ás vinte horas.

En aplicación do previsto nos artigos 78 e 80 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

1. CONVOCAR unha sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

**Data:** xoves 29 de febreiro de 2024  
**Hora:** 20:00 h  
**Lugar:** Salón de Plenos - Casa do Concello

ORDE DO DÍA:

### PARTE RESOLUTIVA

1. APROBACIÓN ACTAS
2. DELEGACIÓN DA COMPETENCIA PARA ADXUDICAR CATRO LICENZAS DE AUTO-TURISMO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VEHÍCULOS DE ALUGUER TAXI NO CONCELLO DE RIANXO (A CORUÑA) . EXPTE 2023/V014/000002
3. NOMEAMENTO DE FILLOS PREDILECTOS DO CONCELLO DE RIANXO A MARUXA MIGUÉNS (ORBITA ECLÍPTICA) E XOSE ROMERO OS GAITEIROS - OS ROSALES - DE ASADOS. EXPTE.: 2024/X999/000104

### PARTE DE CONTROL

4. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO
  5. ROGOS E PREGUNTAS
- 
2. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros do Pleno, e poñer á súa disposición no Portal de Cargos Electos da Sede Electrónica municipal as actas e a documentación dos expedientes que conforman a orde do día, **facéndolles saber que de conformidade co**

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 611.405 exp. 2024/G010/000004

**disposto no artigo 14.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para desenvolveren a súa función, e singularmente das que terán que servir de antecedente para as decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como evitar a reprodución da documentación que lles sexa facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.**

3. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello na vindeira sesión que se celebre.